

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día catorce de decembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1327).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1328).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 148133/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/17, asinado polo xefe de

Área de Benestar Social, o sesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 21.11.2017 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria municipal, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación emitido pola Diplomada en Traballo Social o 20.11.2017.
- Memoria xustificativa do contrato de teleasistencia, asinada polo Xefe de Área de Benestar Social (20.11.2017) e a Concelleira delegada (21.11.2017).
- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Diplomada en Traballo Social, a Xefa do Servizo e o Xefe de Área o 22.11.2017.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 22.11.2017.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento negociado con publicidade do servizo de teleasistencia, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 11.12.2017.
- Informes favorables ó PCAP da Asesoría Xurídica municipal do 30.11.2017 e do 11.12.2017

I. NORMATIVA RELACIONADA

- TRLCSP (RDlex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDlex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O servizo municipal de teleasistencia domiciliaria é unha prestación social de natureza tecnolóxica que, a través dunha liña telefónica e cun equipo de comunicacións e informático específico, permite ás persoas usuarias porse en contacto cun centro de atención de chamadas que conta con personal especializado para dar resposta ás necesidades plantexadas de forma ininterrumpida as 24 horas do día e os 365 días do ano.

Os obxectivos xerais deste servizo son a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual de vida e o contacto co seu contorno socio-familiar, evitando o desarraigo e os ingresos innecesarios en centros residenciais, así como a garantía dunha intervención inmediata en situacións de crises persoais, sociais ou médicas, proporcionando seguridade no seu domicilio e unha mellor calidade de vida.

Constitúen os obxectivos específicos do servizo a prestación do apoio e axuda necesarios ás persoas usuarias a través dunha conexión permanente co centro de atención, a actuación no propio domicilio en situacións de emerxencia, mobilizando os recursos que sexan necesarios e o recordatorio para a realización de actividades ou tarefas concretas da vida cotiá (visitas médicas, toma de medicamentos, etc.).

III.2. De acordo co disposto no Art 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos municipais. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 21.11.2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 109 do TRLCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Área de Benestar Social e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefatura de Contratación.

III.4. Tendo en conta a súa contía (93.600 €, IVE incluído) e as razóns indicadas na Memoria xustificativa (aparición de novas tecnoloxías relacionadas coa teleasistencia), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento negociado con publicidade.

III.5. En cumprimento do disposto nos artigos 115, Disposición adicional segunda, Apdos. 7º e 8º do TRLCSP e Disposición adicional oitava da LRBRL, emitíuse pola Asesoría xurídica do Concello de Vigo o 30.11.2017 informe favorable ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

III.6. O Art. 109.3 do TRLCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.7. Mediante dilixencia dese Servizo de data 04.12.2017 devolveuse o expediente manifestando a necesidade de rectificar o apartado 3 E) das FEC do PCAP (xa que se trata dun gasto que afecta a dúas anualidades) e de achegar a relación do persoal do Servizo (Anexo I) asinada polo contratista actual; cuestións ambas que xa foron solventadas no novo PCAP asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 11.12.2017 e co documento anexo polo Xefe de Área de Benestar na mesma data (relación de persoal).

III.8. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, pfo. 3º, do TRLCSP. A resolución, segundo o Art. 110.1 do TRLCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

III.9. A proposta que a seguir se formula substitúe á dirixida á XGL o 30.11.2017 (trámite nº 82), incorporando aquelas modificacións indicadas pola Intervención xeral municipal. O expediente conta xa cos informes favorables da Asesoría xurídica municipal do 30.11.2017 e do 11.12.2017.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento negociado con publicidade, do Servizo de Teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 22.11.2017 (con Anexo I do 11.12.2017), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (11.12.2017) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (93.600 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 2310.227.99.11 - “Teleasistencia” dos orzamentos municipais e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2018: 85.800€, IVE incl.
- 2019: 7.800€, IVE incl.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1329).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE PARQUE INFANTIL, PISTA DEPORTIVA E ÁREA DE DESCANSO EN NAVIA. EXPTE. 9924/446

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a técnica de Admón. Xeral e o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que di o seguinte:

1.- O Pleno Municipal, en sesión levada a cabo o día 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público, segundo anuncio publicado no BOP do día 2 de agosto de 2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación ningunha, considérase definitivamente aprobada a antedida modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 1 de setembro de 2017.

Na citada modificación orzamentaria contéplase a aplicación 1710.6090001 "**Parque Infantil no barrio de Navia**", cun importe de 1.100.000,00 euros.

2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 22 de setembro de 2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 550,00 euros, para a redacción do proxecto de *Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia*, a prol de dona Silvia Sánchez Rosell.

3.- O proxecto presentado, en cumprimento do contrato, redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN CEN MIL EUROS (1.100.000,00€) e data outubro 2017, reformado de data decembro 2017.

4.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 7 de novembro de 2017, informou que o proxecto de *Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia* presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 7 de novembro de 2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto (expte. 9924/446).

5.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, en data 13 de decembro de 2017, emitiu informe co seguinte teor literal:

(...) DESCRICIÓN DAS OBRAS:

As actuacións se desenrolan na zona do Parque Infantil, Pista Deportiva e na Área de Descanso en Navia, comprende as seguintes actuacións:

- O obxecto da presente memoria é a realización dun gran espazo de xogos infantís e unha zona deportiva con área de descanso no barrio de Navia, tendo en conta as necesidades expostas polo Concello de Vigo. Actualmente o espazo conta cunhas pequenas áreas de xogo repartidas en distintas prazas entre bloques de vivendas, pero presenta zonas e espazos baleiros. É unha dotación escasa para a demanda existente, polo que se pretende ampliar este espazo dotándoo dunha gran área de xogos infantís de 2.580 m² (aprox.),

unha zona de pista deportiva e hall de 1.096 m² (aprox.) e unha área de descanso de 746 m² (aprox.).

Previo á execución das obras, debido a que actualmente na zona dos xogos infantís hai elementos de xogo, bancos, árbores, etc. o adxudicatario das obras ocupábase de retirar os devanditos elementos, así como de preparar a zona para poder realizar a intervención.

Será por conta do adxudicatario o acondicionamento da zona, previo á execución dos traballos obxecto do proxecto (movementos de terra, caxeado...), así como o transporte dos cascallos e a súa xestión en servizo xestor autorizado.

Zona 1: Parque infantil 1 para nenos menores de 6 anos e inclusivo.

Os xogos que compoñen estes espazos son:

- Carrusel xiratorio con plataforma cadeira de rodas, é un gran carrusel xiratorio a nivel do pavimento sen barreiras para que poidan acceder usuarios con cadeira de rodas e tamén sen ningún tipo de limitación.

- Montaña máxica ou circuíto inclusivo, creada a partir duns camiños e montículos en relevo sobre o terreo cubertos todos de pavimento continuo facendo un circuíto transitable con cadeira de rodas desde a cal accede a numerosos paneis, barras, argolas, chans de texturas, teléfonos, etc. mesmo cunha ponte e pasadizo interior así como túnel.

Os elementos que a compoñen son:

1 Xogo de argolas accesibles desde cadeira de rodas.

1 Barra de trapeicista para colgarse accesible desde cadeira de rodas.

1 Tobogán de dobre ancho con plataforma de transferencia a nivel de cadeira de rodas para que poida deslizarse desde a mesma ou con acompañantes (a plataforma de transferencia está á altura da cadeira de rodas na saída e chegada da mesma para facilitar o acceso ou transición).

1 Túnel de aceiro que cruza o interior da montaña a modo de cova.

1 Barra dobre de exercicios.

1 Barra ondulada de exercicios.

1 Xogo de teléfonos. 46 m² de zona de presas de escalada sobre a lomba a modo de rocódromo para acceder á zona superior.

1 Ponte de conexión entre as dúas montañas.

10 uds de paneis didácticos, ábacos, labirintos, musicais, etc. Accesibles desde cadeira de rodas.

12 uds de xogos de texturas en pavimento ou circuíto con 6 tipos de texturas que modifican o circuíto desde a cadeira de rodas. 180 m² de pavimento continuo transitable.

1 Helicóptero grande a modo de xogo múltiple composto por 2 tobogáns para nenos pequenos 10 plataformas ou chans cadrados unidos entre si e con 1 ponte, escaleiras de acceso, acceso curvo con corda, dúas portas de acceso, ollos de boi, xanelas, aspas de helicóptero, volante e 6 uds de paneis didácticos tipo labirinto ábaco panel de control de dimensións 8360x3450x3810mm.

1 Vaiven inclusivo accesible con cadeira de rodas onde poder entrar e subir e baixar coa cadeira de rodas. 1 Hamaca adaptada á zona de transición de cadeiras de rodas.

1 Pentacolumpio con diversos tipos de asentos (tipo hamaca, berce, plano e especial de integración ou inclusivo con cinto).

1 Trampolín circular ou saltador.

1 Peirao reno.

1 Peirao cabalo de mar.

1 Peirao moto.

1 Peirao dobre inclusivo (con respaldo e agarradoiras) tipo raposo.

1 Casiña accesible con tres tipos de paneis na parede e tellado a 4 augas.

1 Xiratorio con asento inclusivo tipo froggy.

1 Mesita con tres asentos en forma de trevo.

1 Xogo múltiple para bebés e nenos pequenos formado por dúas torres unidas por unha ponte de rede, cocinita, escaleira, rampla de acceso, dous paneis didácticos tipo ábaco e un tobogán baixiño de aceiro inoxidable.

1 Gusanito en forma de túnel.

1 Xogo de randeiras dobres con asentos berce.

3 Saltadores tipo cogomelos de EPDM.

1 Saltador tipo elefante de EPDM.

1 Saltador tipo rinoceronte de EPDM.

Toda esta dotación de xogos está incluída na zona superior e conta á súa vez con valo metálico protectora nas zonas onde non existe muro, así como antican nas entradas, cartel indicativo e en toda a superficie pavimento continuo en cores con EPDM a elixir deseño e cor por DF en grosor variable necesario para amortecer as caídas realizado con subbase de SBR.

Tamén se incluírá un báculo de iluminación similar aos existentes na praza para reforzar a visión nocturna, 1 fonte para cadeira de rodas e cans cun tramex plástico para evacuación e dúas papeleiras de deseño moderno en madeira tecnolóxica acorde ás da zona de descanso.

Zona 2: Parque infantil 2 para nenos maiores de 6 anos e inclusivo.

Neste espazo buscarase a creación dunha zona de xogos moi espectacular e singular para o que se propón o seguinte:

1 Megapiramide dobre de cordas cunha rede de araña interior onde poidan xogar o maior número posible de nenos e cun deseño particular diferente ás pirámides estándar pois é algo asimétrica e ten unha rede de tea de araña entre masts con percorridos internos e galerías. As dimensións da mesma son 12,80x7,80x7,00 m de altura e ten unha capacidade de usuarios superior aos 125 nenos.

- Un gran xogo temático de circuíto ou vías de tren tipo escalextric sobre montaña interior de xogos co perfil da montaña similar a unha imaxe emblemática do principiño (boa que come o elefante). A morfoloxía do conxunto representa un circuíto de raias de tren que se curvan continuamente, unhas veces subindo e baixando e outras en xiro lateral. randeiras, hamacas, cestas niño, trapadores de diversos tipos, barras de equilibrio, etc. A segunda fución é a de dar unha continuidade temática ao conxunto, rematando cunha liña curva o perfil da construción elevada.

Uns paneis verticais intrepables, interrompen os raias cando estes chegan á altura de 3,00 m asegurando que ningún neno poida superar esta altura de caída. Para reforzar do todo a temática, inclúense varios vagóns sobre o percorrido. O interior de montaña forma un auténtico labirinto tridimensional grazas aos 14 niveis distintos das súas plataformas, á versatilidade de usos que permiten, inclúen cordas, plataformas, barras, etc. O obxectivo dos nenos adoita ser alcanzar o tobogán máis alto que se atopa a 6,40 m de altura, o que garante unha experiencia irresistible para calquera neno. Ademais incorpora outro tobogán

de 4,40 m, varios paneis didácticos e dous tobogáns abertos de aceiro inoxidable de 1.470 e 870mm de altura respectivamente para distintas idades. Inclúe así mesmo rube curvos para acceso, escaleiras, escaladas, cordas, ramplas, barra de bombeiros e rocódromos facendo en se unha composición xigantesca e espectacular que ocupa unha área de seguridade de 33,00x22,00 m e unha altura de 7,00m. - Un xogo múltiple grande en forma de tren locomotora, composto por 5 torres cadradas unidas entre si a través de pontes, túneles, etc. que presenta a parte dianteira cun banco ou plataforma de transferencia para cadeiras de rodas onde poder facer o intercambio e desenvolver o xogo gateando ata o tobogán primeiro. Tamén se accede á parte dianteira a través dunha escaleira con pasamáns e a través dunha ponte chégase ao tobogán de 870mm de altura, a parte posterior é para idades máis altas polo que presenta unha barreira intermedia e os accesos a través de rube curvo, barras ou redes posteriores pois esta zona conta cunha barra de bombeiros, un tobogán de 1470mm. de alto e un rube posterior de rede e barras para colgarse. Ten dous teitos uno curvo para a locomotora e un de 4 augas para a zona de vagón así como prismáticos, rodas en HPL e distintos paneis de xogo. O tubo ten pezas transparentes.

- Unha máquina xiratoria con movemento centrífugo tipo lavadora como elemento singular e novo.

- Un gran carrusel inclusivo que permite acceder ao seu interior cunha plataforma e presenta un deseño de cordas para que funcione como rube á vez que xiratorio con alta capacidade de usuarios permite o acceso a través de cadeira de rodas pois a transferencia é compatible.

- A tirolesa dobre aproveitando o espazo superior da praza encima das escaleiras existentes que se manteñen a modo de bancada eponse un valado encima como barreira do percorrido da tirolesa poden competir entre si e usala dous usuarios simultaneamente.

Á hora de expor a randeeira tripla elixíronse tres tipos de asentos diferentes aos existentes, un múltiple cesta niño inclusivo, outro con cadeira e arnés para nenos con capacidade motriz limitada, e un para usar unha adulta fronte ao fillo tipo berce e plano.

A modo de protección se platea un valado, tamén se reforza a zona cunha luminaria similar ás existentes, anticán nas entradas, fonte, cartel indicativo e redistribúese o mobiliario existente neste espazo.

Como pavimento protector de caídas pavimento continuo de grosor variable en función da altura de caída de cada elemento de xogos cunha subbase mínima de 3,00cm en SBR e unha capa de 1,00cm en EPDM en cores a elixir por DF.

Zona 3: Área de descanso.

Esta área expónse na zona intermedia entre a pista deportiva e a de xogos e terá un pavimento naturalizado de xabre, sobre esta zona que ha de quedar acondicionada para os acompañantes e usuarios. Exponse o seguinte:

Un seto de Photinias vermellas que o aísla dos rúidos da pista deportiva e embelece a zona superior creando un espazo de intimidade que xunto cos árbores tipo Prunus e Acer crean unha zona axardinada e de sombra de baixo mantemento e elevada resistencia.

Como mobiliario principal establécense uns bancos de distintas formas e tamaños así como cadeiras individuais de deseño que crean espazos e círculos en distintos puntos desta área realizados en madeira tecnolóxica tipo resystia a base de distintos materiais moi resistentes. Tamén se expoñen 6 mesas de granito e bancos de deseño moderno para poder usar para merendas e que teñen a particularidade de presentar un espazo aberto entre o asento e a

pata no que entra unha cadeira de rodas para poder compartir este espazo e facelo inclusivo.

Exponse un cargador de móbiles con panel solar a través de 3 ud de USB e taburetes como elemento innovador.

E tamén neste espazo ou zona de estar irán varias mesas de xogo tipo parchís, xadrez e oca que serven de zona de estar e xogo. As papeleiras expostas na mesma liña do mobiliario en madeira tecnolóxica tipo resystia.

Unha fonte bebedeiro adaptada a cadeiras de rodas e cun recipiente abaixo para que poidan beber as mascotas.

Proponse iluminar esta zona con báculos similares aos existentes na praza con proxectores orientados a distintos puntos.

No centro déixase un corredor de 4,00 m despexado para o posible paso de ambulancias que poidan chegar á zona deportiva en caso de necesidade.

Zona 4: Hall espazo deportivo anexo a pista.

Para integrar este espazo intermedio entre a pista deportiva e a zona de descanso propóñense distintos elementos deportivos orientados ás mesmas idades de uso e tipo de usuario como son:

- Dous futbolines antivandálicos.
- Dúas mesas de ping-pong.
- Un circuío pumtrack para practicar BMT ou acrobacias con bicicletas como elemento singular e novo.
- Dous aparcabicicletas.
- Unha fonte bebedeiro con tramex de plástico.

Esta zona exponse tamén en jabre e mantén o corredor interior de 4 mts que permita o paso de ambulancias á zona deportiva.

Zona 5: Pista multideporte.

Créase un espazo en formigón coas dimensións regulamentarias para xogar a baloncesto e balonmán así como fútbol sala, coas liñas oficiais debuxadas e cun xogo de dúas porterías e canastras.

A modo de peche exponse unha estrutura metálica de postes de 6,00 m de altura sobre a que ata 4,00 m está formada por ferros de malla electrosoldada de cor a elixir por DF, e os dous metros superiores vai cunha rede unida a estes postes.

As unións levan casquillos de caucho antivibracións para evitar ruídos ao máximo segundo detalle de planos.

O pavimento en formigón puído e cun perímetro exterior á zona de xogos de mínimo 1,50m. Conta con dúas entradas estándar e a posibilidade de abrir dous panos centrais de 4,00 m de ancho e alto para a entrada de ambulancias no seu interior. Ilumínase con dous báculos de 8,00 m de altura sobre os que se instalan varios proxectores orientados en distintas posicións

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS meses.

INFORME:

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

PROXECTO: PARQUE INFANTIL, PISTA DEPORTIVA E ÁREA DE DESCANSO EN NAVIA

DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE VERIFICACIÓN	Non aplica	SI	NO N	Observacións
Documento: Memoria				
Inclúe obxecto das obras, antecedentes e situación previa das mesmas		X		MD, páx. 8 a 12
Presenta xustificación da solución adoptada		X		MD – 4 – Páx. 13 a 23
Presenta referencias nas que se fundamenta o replanteo da obra		X		MD 2 , Páx. 9
Presenta programa de desenvolvemento dos traballos		X		AX 12, páx. 598/599
Presenta xustificación de cálculo dos prezos		X		AX 11; Páx. 502
Presenta proposta de clasificación do contratista .		X		AX 17, páx. 608
O prazo de garantía é igual ou maior de 1 ano		X		AX 13, páx. 600; 5 anos
Presentase adecuación a normativa vixente de accesibilidade : Orden de VIV/561/2010, ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e RD 35/2000.		X		AX 22, páx. 655
Inclúe indicación expresa de que as actuacións recollidas no proxecto presentan: 1) Adecuación a ordenación urbanística vixente 2) Adaptación ao contorno e 3) Respeto ás normas de protección do patrimonio cultural 4) Autorizacións doutras administracións cando así se exisa.		X		AX 03; Páx. 192 a 194; AX 15: páx. 604
Presenta revisión de prezos	X			Prazo 6 meses/MD 5; Páx. 22
Consta declaración de obra completa aos efectos do establecido nos artigos 125 e 127 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o RXLCAP		X		AX 07; páx. 281 e 282
O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde conforme ao establecido no RD 1627/1997, de 24 de outubro		X		Anexo 08, páx. 283
O proxecto inclúe o correspondente estudo de xestión de residuos conforme ao establecido no RD 105/2008, de 01 de febreiro		X		Anexo 09
O proxecto inclúe estudio xeotécnico dos terreos sobre os que se vai a executar a obra		X		Anexo 02; Páx. 75 a 191
Presenta xustificación do respecto ás normas ambientais vixentes		X		Anexo 16; Páx. 606
Documento: Planos				Documento III
Presenta planos de conxunto que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e servizos afectados		X		
Presenta planos de conxunto e detalle, dos que poidan deducirse as medicións e a exacta realización da obra		X		
Documento: Pliego de P.T.P.				Documento II
Inclúese un apartado de descripción das obras		X		
Aparece a maneira na que se levará a cabo a medición de unidades executadas		X		
Descríbese o proceso de execución das unidades		X		
Presenta plan de ensaios de control de calidade dos materiais a empregar		X		
Presenta referencia a normativa e ordenanzas xerais vixentes		X		Anexo 02
Documento: Presupuesto				Documento IV
Presenta medicións e prezos unitarios e descompostos		X		
Os prezos dos materiais e das unidades de obra son adecuados para a execución da obra		X		Segundo diligencia aportada polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 7 de novembro de 2017
Inclúese capítulo independente para xestión de residuos .		X		Páx. 833
Inclúese capítulo independente para seguridade e saúde		X		Páx. 833
Documento Xeral				
O proxecto redactado por empresa externa está debidamente datado e asinado .		X		Con data decembro 2017
Inclúese acta de replanteo das obras			X	Segundo o artigo 126 do TRLCSP deberá realizarse unha vez aprobado o presente proxecto

CONCLUSIÓN:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 350.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo.

Os custes unitarios incluídos no proxecto así como a solución técnica proposta, considéranse adecuados para a execución do contrato, segundo determina a dilixencia do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 7 de novembro de 2017.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**PARQUE INFANTIL, PISTA DEPORTIVA E ÁREA DE DESCANSO EN NAVIA**”, de data decembro 2017, presentado e redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, cuxo orzamento base de licitación, IVE engadido, é de UN MILLÓN CEN MIL EUROS (1.100.000,00€).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1330).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE PEDRO ALVARADO. EXPTE. 9811/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/12/17, o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado da Área, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 21 de setembro de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, a execución das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Resolución do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, de data 21 de setembro de 2017, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 29 de setembro de 2017, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais, con data 22 de novembro de 2017, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 23 de novembro de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), documento nº 3 do proxecto de “*Acondicionamento da praza de Pedro Alvarado*”, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, de data agosto 2017, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 14 de setembro de 2017 (expte. 9719/446). Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017.

- Informe da xefa do Servizo de Contratación, de data 4 de outubro de 2017, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 1 de decembro de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento e co conforme da titular da Asesoría Xurídica, de data 13 de decembro de 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Parques e Xardíns, en resolución de 21 de setembro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, documento nº 3 do proxecto de *"Acondicionamento da praza de Pedro Alvarado"*, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luís Vicente Vilar Montoro, de data agosto 2017, Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP, en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), A Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emitiu informe favorable ao expediente de contratación, en data 5 de decembro de 2017.

Quinto.- O artigo 109.3 e o apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado, cun **orçamento base de licitación de 413.215,57€** sen IVE, e un importe correspondente ao IVE (21%) de 86.775,27€, o cal totaliza un importe de **499.990,84€ con IVE**.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.6190020 "Parque Infantil Pedro Alvarado", provinte da modificación orzamentaria nº 41/2017, crédito extraordinario para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016.

2º Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto de obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado**, de conformidade co **prego de prescricións técnicas particulares (PPTP)**, documento nº 3 do proxecto de "Acondicionamento da praza de Pedro Alvarado", redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, de data agosto 2017 e Anexo I ao PPTP, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017, que rexen o concurso, así como **aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración por este procedemento**, asinado en data 1 de decembro de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1331).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA INDEPEDENCIA. EXPTE. 9908/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5/12/17 e o informe de fiscalización do 13/12/17, dáse conta do informe-proposta do 5/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado da Área, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 30 de outubro de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, as obras de ampliación do parque infantil da Praza da Independencia.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 30 de outubro de 2017, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Resolución do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, de data 30 de outubro de 2017, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, con data 9 de novembro de 2017, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 9 de novembro de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), documento nº 3 do proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, don Francisco Ullod Marcos, de data setembro de 2017, en virtude do contrato menor de servizos nº 9669/446. O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017 (expte. 9848/446). Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017.
- Informe da xefa do Servizo de Contratación, de data 13 de novembro de 2017, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 1 de decembro de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento, de data 5 de decembro de 2017, co conforme da titular da Asesoría Xurídica.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Parques e Xardíns, en resolución de 30 de outubro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, documento nº 3 do proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños,

canais e portos, don Francisco Ullod Marcos, de data setembro de 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017 (expte. 9848/446), Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP, en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), A Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emitiu informe favorable ao expediente de contratación, en data 5 de decembro de 2017.

Quinto.- O artigo 109.3 e o apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado, cun **orçamento base de licitación de 165.289,00€** sen IVE, e un importe correspondente ao IVE (21%) de **34.710,69€**, o cal totaliza un importe de **199.999,69€ con IVE**.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.6190026 "Parque Infantil Na Praza da Independencia", provinte da modificación orzamentaria nº 41/2017, crédito extraordinario para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016.

2º Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto de obras de ampliación do parque infantil da Praza da Independencia especificadas no Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP)**, documento nº 3 do proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, don Francisco Ullod Marcos, de data setembro de 2017 e Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 1 de decembro de 2017, que rexen o concurso, así como **aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración por este procedemento**, asinado en data 1 de decembro de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1332).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES. EXPTE. 3561/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito extraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.67 “Humanización encontro Sanjurjo Badía con Barrio de las Flores” con un importe de 595.000 Euros.
2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de data 5 de maio de 2017, autorizando o gasto para a redacción do proxecto “Humanización do encontro da Rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores” a favor de Dna. Iria Urdampilleta Pérez, con cargo ao expediente 4.585/440.
3. O proxecto presentado e redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, para a “Humanización do encontro da Rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores ”, conta cun orzamento base de execución de CINCOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (595.000 €) e data outubro de 2017.
4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 23/10/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 24/10/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
5. A actuación desenrolase no encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores, nun tramo da rúa Nardos e da rúa Santander.
As obras a executar enuméranse a continuación:
 - Ampliación de beirarrúas e nova pavimentación.
 - Retranqueo de muro existente e renovación do mesmo.
 - Substitución de rede de abastecemento e rede de saneamento e drenaxe.
 - Renovación e ampliación da rede de alumado.

- Nova rede de rego e nova plantación e arboredo.
- Reordenación do arcén e nova sinalización da zona.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de OITO meses.

6. A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, asina con data 27 de novembro de 2017 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Legislativo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES” de data outubro 2017, redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez cun orzamento base de licitación, máis IVE, de CINCOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (595.000 €)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1333).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO. FASE II. CORONA CIRCULAR EXTERIOR”. EXPTE. 3608/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito extraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.6190069 “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro, Perímetro exterior”

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, autorizou o gasto para a redacción do citado proxecto, con cargo ao expediente 3812/440. O proxecto presentado polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco J. García Quijada e D. Manuel Portolés Sanjuan conta cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON SEICENTOS MIL EUROS (1.600.000,00 EUROS) e data Septiembre de 2017.

3. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 11/12/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 12/12/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

4. A actuación desenvólvese no rua ALVARO CUNQUEIRO CORONA EXTERIOR E ENTRONQUE COA RUA PINTOR LUGRIS. As obras a executar, consisten en:

- Desmontaxe e acopio de mobiliario urbano, demolición das aceras, pavimentos de mezcla bituminosa, desvío de instalación

- Pavimentacións con previo subbase de zahorra artificial, bases de formigón, e de formigón armado en zaguans de acceso a garaxes, acabados a base de pavimento de granito con bordillos do mesmo material, de varios tipos e cores en zonas peonís, adoquísns de granito branco mera en zaguans de garaxes. Previo fresado de pavimento asfáltico procederáse á aplicación de M.B.C. Tip AC 16 SURF D en capa de rodadura de 6 cm de espesor. Todo elo na coroa exterior de la *rúa Álvaro Cunqueiro*, incluídos vados de vehículos, pasos de peatones e dársenas de contenedores de residuos.

- En canto á rede de abastecemento propónse a renovación de válvulas existentes, completar a rede actual de bocas de rego, e nova instalación de tramos de conducción, así como a renovación das acometidas existentes. Tamén se procederá a UNHA nova rede de riego a base de tubería de plietino de baixa densidade PE40 con goteo autolimpiable.

- Nova rede de fecais e complemento da rede de pluviais previa excavación de zanzas, compactado para apoio de tubería de PVC, segundo os diámetros determinados en proxecto,

cos seus correspondentes pozos de rexistro e conexión, incluído o recheo de zanzas e tapas nos pozos e rexistros.

- No que respecta á rede de alumeado público procederase á retirada e nova instalación de báculos de alumeado exterior, coa súa correspondente rede de distribución enterrado, e derivacións a novo centro de transformación. Á súa vez en canto a rede de semaforización sollamento se prevee a conexión á rede existente, no que respecto a rede de gas e comunicacións non se prevé ningunha actuación., realizando unicamente actuacións sobre arquetas defectuosas.

- Como acabado propónse a creación de especies arbóreas en zonas de alcorque individual e xardineras con ornamentación variada, reparación de servizos que resulten afectados, colocación de sinalización e mobiliario urbán, así como unha intervención artística e creación d unha plataforma online para a súa divulgación.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 10 meses.

5. A Enxeñeiro Técnica de Obras Públicas da oficina de supervisión de proxectos, asina con data 13 de decembro de 2017 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO FASE II CORONA CIRCULAR EXTERIOR”, redactado polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco J. García Quijada e D. Manuel Portolés Sanjuan conta cun orzamento base de excución de cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON SEICENTOS MIL EUROS (1.600.000,00 EUROS) e data Setembro 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1334).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA JOSÉ FRAU, ENTRE AS RÚAS LÓPEZ MORA E ÁLVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 4961/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe xurídico do 23/11/17 e o informe de fiscalización do 13/12/17, dáse conta do informe-proposta do 5/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o concelleiro delegado da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017.

Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.65 “Humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz, entre as rúas Álvaro Cunqueiro e López Mora”, cun importe de 596.545€ euros.

2º- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08/08/16, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto das obras de “Humanización da rúa José Frau, entre as rúas López Mora e Alvaro Cunqueiro” a prol de D. Alberto Moreno Pike.

3º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.494/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 11.10.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 11 de outubro de 2017 correspóndese co expediente administrativo 3.494/443.

O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS(596.545 €) e data XUÑO DE 2017.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 18 de outubro de 2017.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 18 de outubro de 2017.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 24 de outubro de 2017.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Alberto Moreno Pike, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 11 de outubro de 2017, correspóndese co expediente 3494/443.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 13 de novembro de 2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 21 de novembro de 2017.
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 23.11.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación correspóndese ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustificase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 23.11.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JOSÉ FRAU, ENTRE AS RÚAS LÓPEZ MORA E ÁLVARO CUNQUEIRO"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 21 de novembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS (596.545,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 103.532,60€.

O valor estimado do contrato estipúlase en CINCOCENTOS NOVENTA E UN MIL SEISCENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (591.614,88 €)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.65 "Humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz, entre as rúas Álvaro Cunqueiro e López Mora"

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1335).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN VÍA NORTE, ENTRE ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ E URZÁIZ”. EXPTE. 4988/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe xurídico do 13/11/17 e o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta do 14/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o concelleiro delegado da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017.

Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.63 “Humanización Vía Norte, entre Escultor Gregorio Fernández e Urzáiz, cun importe de 2.301.549,34€.

2º- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08/08/16, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto das obras de “Humanización da rúa Vía Norte, entre Escultor Gregorio Fernández e Urzáiz” a prol da mercantil Proyectos y obras de estructuras e instalaciones S.L.

3º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.475/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 30.10.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 30.10.2017 correspondese co expediente administrativo 3.475/443.

O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS UN MIL CINCOCENTOS CUARENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (2.301.549,34€), de data outubro 2017.

- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 08.11.2017

- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 09.11.2017
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 09.11.2017
- e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Francisco J. Zubía Fernández, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 30.10.2017, correspondese co expediente 3475/443.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 21.11.2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de novembro de 2017.
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 13.12.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 13.12.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito

adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN VÍA NORTE, ENTRE ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ E URZÁIZ”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23 de novembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS UN MIL CINCOCENTOS CUARENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (2.301.549,34€), de data outubro 2017, sendo o importe correspondente ao IVE de 399.443,45.

O valor estimado do contrato estipúlase en DOUS MILLÓNS CENTO OITENTA E SETE CATROCENOS VINTE DOUS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (2.187.422,93€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.63 “Humanización da rúa Vía Norte, entre Escultor Gregorio Fernández e Urzáiz”

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1336).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA”. EXPTE. 4962/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe xurídico do 13/11/17 e o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta do 14/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o concelleiro delegado da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL

2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017. Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.64 "Humanización da Rúa Camilo José Cela, entre Coruña e Chano Espiñeiro" cun importe de 667.439,87 Euros.

2º- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 19/11/16, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto das obras de "Humanización da Rúa Camilo José Cela, entre Coruña e Chano Piñeiro" a prol da empresa Soltec Ingenieros, S.L.

3º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.472/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 11 de outubro de 2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 11 de outubro de 2017 correspondese co expediente administrativo 3.472/443.

O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez e o Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SESENTA E SETE MIL CATROCIENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (667.439,87 €).

- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 18 de outubro de 2017.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 18 de outubro de 2017.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 24 de outubro de 2017.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez e o Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 11 de outubro de 2017, correspondese co expediente 3472/443.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 13 de novembro de 2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 21 de novembro de 2017.
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 23.11.2017.

- i) Informe do servizo xestor solicitando a recitación da clasificación do contratista no PCAP de data 13.12.2017
- j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13.12.2017
- k) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 13.12.2017

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 23.11.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de *"HUMANIZACIÓN DA CAMILO JOSÉ CELA, ENTRE CORUÑA E CHANO PIÑEIRO"*.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 13 de decembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de SEISCENTOS SESENTA E SETE MIL CATROCIENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (667.439,87 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 115.836,67€.

O valor estimado do contrato estipúlase en SEISCENTOS SESENTA E UN MIL NOVECIENTOS VINTETRES EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (661.923,84 €)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.64 "Humanización da Rúa Camilo José Cela, entre Coruña e Chano Piñeiro".

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1337).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CONTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE. EXPTE. 4740/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 12/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/12/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 15 de novembro de 2017.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,43
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,04
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	88,37
4	ORECO, S.A.	86,57
5	CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U.	85,15
6	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	26,00

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.035,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 22 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 1 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 2 e 15 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440) por un importe total de 373.606,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 64.840,83 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1338).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CLICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL. EXPTE. 4970/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/12/17, dáse conta do informe-proposta do 5/12/17, asinado polo enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á transformación sostible da infraestrutura viaria municipal.

2.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende executar un proxecto para desenvolver unha vía ciclista continua entre Teis e Samil, cun percorrido de case DEZ quilómetros de extensión, que cubre practicamente toda a extensión urbana da cidade, cunha rota con pendentes e ramplas suaves, e paralela á costa a unha cota media.

3.- Para o desenvolvemento deste proxecto, contase cunha memoria técnica valorada realizada polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos, de data 24/10/2017 que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico do proxecto a desenvolver e cunha estimación orzamentaria de 5.895.000,00 €, a executar nas anualidades 2017, 2018 e 2019 e do cal debese destacar os seguintes aspectos:

4.- En data 24.10.17, o Concelleiro delegado de Fomento, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para a cofinanciación e a execución das obras precisas para o desenvolvemento do PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL

5.- O xefe da Área de Inversións e o Enxeñeiro de camiños, canais e portos, co conforme do Concelleiro delegado da Área de Fomento, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas de mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia e de forma específica no Concello de Vigo, asinado o 20.11.2015 redactan "Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL", xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para desenvolver unha vía ciclista continúa entre Teis e Samil.

O investimento vinculado ao presente convenio será definido no correspondente proxecto técnico que concretará as actuacións a realizar en cada unha das zonas do percorrido que abarcaría, inicialmente, as seguintes rúas:

- Travesía de Vigo (dende Isaac Peral)
- Pizarro,
- Venezuela,
- Camelias,
- Avda. Castelao,
- Avda Europa,

6.- O xefe Servizo Xurídico Servizos Xerais, emite informe xurídico concluíndo que non existe non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprrobe o

convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto de implantación dunha vía ciclista entre Teis e Samil

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos

Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Comúns das Administracións Públicas

Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia

Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo

Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)

Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións

RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia

Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2017

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo.

O investimento vinculado ao presente convenio será definido no correspondente proxecto técnico que concretará as actuacións a realizar en cada unha das zonas do percorrido que abarcaría, inicialmente, as seguintes rúas:

- Travesía de Vigo (dende Isaac Peral)
- Pizarro,
- Venezuela,
- Camelias,
- Avda. Castelao,
- Avda Europa,

Para o desenvolvemento do investimento proposto cóntase cunha memoria técnica valorada, que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico da actuación a desenvolver, cunha estimación orzamentaria de 5.895.000,00 €, a executar en dúas anualidades, 2018 e 2019.

IV.- Orzamento previsto da actuación desglosado por capítulos:

PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL, EXPT. 4750/440, CONCELLO DE VIGO	EXECUCIÓN MATERIAL
1. DEMOLICIÓNS E TRABALLOS PREVIOS	347.933,71 €
2. PAVIMENTACIÓN	1.854.774,47 €
3. OBRAS DE FÁBRICA E CONTENCIÓNS	26.037,26 €
4. RETRANQUEOS DRENAXE	121.665,10 €
5. RETRANQUEOS ALUMEADO	182.230,92 €
6. SINALIZACIÓN E SEMAFORIZACIÓN	532.492,17 €
7. INTEGRACIÓN URBANA	624.130,96 €
8. VARIOS/ LIMPEZA E TERMINACIÓN	142.458,95 €
9. XESTIÓN DE RESIDUOS	203.019,82 €
10. SEGURIDADE E SÁUDE	59.290,95 €
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	4.094.034,31 €
GASTOS XERAIS (13%)	532.224,46 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	245.642,06 €
ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA (IVE EXCLUÍDO)	4.871.900,83 €
IVE (21%)	1.023.099,17 €
ORZAMENTO LICITACIÓN (IVE ENGADIDO)	5.895.000,00 €

V.- Mantemento da obras derivadas do presente convenio

As actuacións plantexadas no presente convenio son actuacións de mellora nas vías públicas de titularidade municipal. Os investimentos previstos responden de maneira xeral con actuación globais de pavimentación de vías públicas, tanto calzadas como beirarrúas coa conformación dunha vía ciclista, para mellorar as condicións de circulación ciclista e

peonil garantizando en interseccións a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida, polo que se plantexa a actuación como fomento da intermodalidade sostible, a través da potenciación do tránsito peonil e o uso de medios de transporte colectivo, e o ciclista, o que implica unha protección e mellora do medio ambiente.

Estas obras propostas supoñen unha ampliación da vida útil dos firmes que conforman os ámbitos de actuación, xa que trala actuación estes non presentarán degradación estrutural nos vindeiros anos. Tendo en conta esta atención a actuacións de renovación en infraestruturas en bens destinados ao uso xeral, se xustifica un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que van a supoñer que durante a vida útil dos mesmos **provocando unha redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, serán diferidas no tempo.**

En calquera caso, os costes de mantemento futuro dos viais, inferiores aos actuais, se sustentarán ao igual co resto de infraestruturas viarias públicas de titularidade municipal no contrato de mantemento de infraestruturas viarias vixente actualmente.

VI.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á transformación sostible da infraestrutura viaria municipal.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

VI.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a execución de obras para o proxecto de implantación dunha vía ciclista entre Teis e Samil

Terceiro: Autorizar e comprometer as obrigas económicas do convenio para o Concello de Vigo nos termos do mesmo. Trátase dun gasto anticipado e plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo:

Investimento	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Total
CONVENIO CARRIL BICI TEIS - SAMIL.	0,00	2.358.000,00	2.358.000,00

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito na aplicación correspondente, que será a 1532.609.00.02. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2019.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL

No Pazo Provincial, __ de _____ de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á transformación sostible da infraestrutura viaria municipal.

III.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

IV.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende executar un proxecto para desenvolver unha vía ciclista continua entre Teis e Samil, cun percorrido de case DEZ quilómetros de extensión, que cubre practicamente toda a extensión urbana da cidade.

V.- Que o artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

VI.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. O

convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

VII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver unha vía ciclista continúa entre Teis e Samil.

2.- O investimento vinculado ao presente convenio será definido no correspondente proxecto técnico que concretará as actuacións a realizar en cada unha das zonas do percorrido que abarcaría, inicialmente, as seguintes rúas:

- Travesía de Vigo (dende Isaac Peral)
- Pizarro,
- Venezuela,
- Camelias,
- Avda. Castelao,
- Avda Europa,

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto cóntase cunha memoria técnica valorada, que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico da actuación a desenvolver, cunha estimación orzamentaria de 5.895.000,00 €, a executar en dúas anualidades, 2018 e 2019.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade total de cinco millóns oitocentos noventa e cinco mil euros, (5.895.000,00 euros) que se distribuirán do seguinte xeito:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de tres millóns cincocentos trinta e sete mil euros (3.537.000,00 euros).

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Total
CONVENIO CARRIL BICI TEIS - SAMIL.	1.400.000,00	2.137.000,00	3.537.000,00

O pagamento das anualidades do 2018 e 2019, que se realizará contra a aplicación destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra, quedará condicionada, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais para os referidos exercicios.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía máxima de dous millóns trescentos cincuenta e oito mil euros (2.358.000,00 euros), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Total
CONVENIO CARRIL BICI TEIS - SAMIL.	0,00	2.358.000,00	2.358.000,00

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito na aplicación correspondente, que será a 1532.609.00.02. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2019.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento pola partes asinantes terá lugar durante os anos 2018 e 2019, nos importes que deseguido se indican:

	2018	2019	TOTAL
Deputación de Pontevedra	1.400.000,00	2.137.000,00	3.537.000,00
Concello de Vigo	0,00	2.358.000,00	2.358.000,00
TOTAL CONVENIO	1.400.000,00	4.495.000,00	5.895.000,00

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Aprobado o proxecto para o desenvolvemento dun vial bici entre Teis e Samil, obxecto do presente convenio, o Concello de Vigo remitirao á Deputación Provincial.

A Deputación Provincial someterá o proxecto de obra á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderano someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas no mesmo.

O Concello de Vigo tramitará un expediente polo órgano de contratación ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas.

4.- Formalizado o contrato de obra para a execución do investimento ao que se refire o pacto primeiro, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

5.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate da obra, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

6.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

7.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contemplada no proxecto técnico e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

Contrato de adxudicación da obra.

Acta de comprobación do replanteo.

Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.

Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.

Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.

Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTOS

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido con independencia das baixas que se produzan na adxudicación do contrato do proxecto do investimento obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento da obra, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación do proxecto derivada das necesidades de execución do proxecto contratado será asumida en relación ás obrigas de financiación polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, o proxecto licitado ten un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

Financiar ata o máximo do 40% da realización da obra, no exercicio 2019, de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista no proxecto técnico.

Coordinar un plan de acción definitivo nas diferentes rúas que constitúen o percorrido do vial bici.

Redactar o correspondente proxecto de obra e a aprobación do mesmo, debendo constar un exemplar do proxecto aprobado na Deputación Provincial.

Licitación o proxecto que conforma a actuación obxecto deste convenio.

Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.

Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.

Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

Financiar a realización da obra nos exercicios 2018 e 2019, consonte ao previsto nos pactos segundo e terceiro.

Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden os 600.000,00 euros.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de

Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.

A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.

A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

DECIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

13(1339).- REVISIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2018. EXPTE. 1635/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe emitido polo interventor xeral, de data 14/12/17, dáse conta do informe-proposta do 7/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

REVISION DAS TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2018. 1635-449

I)TARIFAS VIXENTES

INFORME – PROPOSTA

As tarifas de taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 10 de febreiro de 2016 , son as seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 296,323 segundos.)	3,55
Qm percorrido	0,95
Hora de espera	19,62
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3,04
Maletas e vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas)	0,55

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,497 segundos)	3,71
Qm percorrido	1,06
Hora de espera	21,36
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3.04
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas)	0,55

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2,18
Suplemento ocupación a partir da 5 praza 0,50

II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 27 de outubro de 2017, D. Manuel Choren Souto, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2018 co seguinte contido :

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,65 €
Qm. percorrido.....	0,98 €
Hora de espera.....	20,31 €
Suplemento aeroporto.....	4,51€
Suplemento lfevi.....	3.15€
Maleta.....	0,57 €

TARIFA 2:(Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados, e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima.....	3, 85 €
Qm. percorrido.....	1,09 €
Hora de espera.....	22,11 €
Suplemento aeroporto.....	4,51 €
Suplemento lfevi.....	3.15€
Maleta.....	0,57 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro2,25 €.

Suplemento ocupación a partir da 5 praza0,52

A solicitude formulada supón un incremento dun 3,5 % das tarifas vixentes engadindo na solicitude que a fin de axustar os importes dos conceptos da contía mínima propoñendo un importe exacto e evitando os céntimos solicitan que a contía mínima sexa na tarifa 1 de 3,65 € (en vez dos 3,67€), e na tarifa 2 de 3,85 € (en vez do 3,84 €) .

Así mesmo solicitan quo o IPC que se utilice para a revisión, sexa do período agosto-agosto a fin de que poida aprobarse a revisión tarifaría con anterioridade ao 31 de decembro de cada ano.

INFORME :

Examinado o contido da proposta informase o seguinte :

O IPC que propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, a Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e a Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra e dun 3,5 %, porcentaxe que se corresponde co IPC dos servizos de transporte da Comunidade Autónoma Galega interanual de setembro a setembro, IPC aplicado nas ultimas revisións tarifarias de conformidade cos criterios aprobados pola Xunta de Goberno Local e o Consello Sectorial de Transportes.

Na proposta formulada inclúese o redondeo das contías mínimas en 2 céntimos menos na tarifa diúrna e 1 céntimo mais na tarifa nocturna e a correspondente aos sábados domingos e festivos. Considerando que a tarifa 1 e a mais utilizada e o obxectivo do redondeo e

facilitar o pago do servizo e evitar a utilización de céntimos pode informarse favorablemente o redondeo proposto.

En relación co período do IPC, considerase que debe manterse o de setembro-setembro por ser o publicado mais próximo a aprobación da revisión tarifaría.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, así como ao Consello Galego de Transportes, durante o prazo concedido ao efecto, non foron presentadas alegacións nin consideracións.

V) INFORME DA ITV

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 sería 295,30 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 sería 195,22 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto na vixente normativa.

VI) PROPOSTA

En consecuencia e de conformidade co disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia así como no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 Decreto 2226/77 de 27 de agosto, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio sométese á consideración do Consello Sectorial de transportes, para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

1)- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos taxis da cidade de Vigo para o ano 2018 de conformidade co informe que antecede e que serían as seguintes :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 295,30 segundos.)	3,65
Qm percorrido	0,98
Hora de espera	20,31
Suplemento aeroporto	4,51
Suplemento lfevi	3,15
Maletas e vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas)	0,57

TARIFA 2(sábados,domingos e festivos, 24 e 31 de decembro,e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 195,22 segundos)	3,85
--	------

Qm percorrido	1,09
Hora de espera	22,11
Suplemento aeroporto	4,51
Suplemento Ifevi	3,15
Maletas y vultos análogos (con excepción das cadeiras de rodas)	0,57

Suplementos 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.25

Suplemento ocupación a partir da 5 praza0,52

2.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez